

# **BOLETÍN INFORMATIVO Marzo**

## **I. AXUDAS E SUBVENCIÓNS:**

**A. AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES  
PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE  
INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS  
AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE  
DIFERENCIADA**

**B. AXUDAS DO IGAPE Á INTERNACIONALIZACIÓN  
DAS EMPRESAS GALEGAS, PROGRAMA  
OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013**

**II. XORNADA TECNICA : XESTION ENERXETICA COMO  
NICHU DE EMPREGO**

**III. CURSOS DE IDIOMAS NIVEL BÁSICO PARA O SECTOR  
COMERCIO**

**IV. EXECUTIVE PROGRAM EN THE HARVARD FACULTY  
CLUB (CAMBRIDGE, MASSACHUSETTS- USA)**

**V. CAMPAMENTOS DE VERAN DA DEPUTACION**

## I. AXUDAS E SUBVENCIÓNS:

### A. AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PRODUTORES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA

**Obxecto:** Subvención dos gastos das actuacións de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos en que o fin sexa inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco de programas de calidade diferenciada dos alimentos. As axudas poderán chegar ata o 70% do gasto subvencionable (gastos relativos á promoción, a participación en feiras e exposicións do sector agrario e agroalimentario (organización e asistencia) e estudos e outras accións de divulgación).



**Beneficiarios:** Agrupacións de produtores que participen nalgún programa de calidade diferenciada de alimentos e que se refiran a produtos expresamente recollidos no PDR 2007/2013 de Galicia para a medida 133.

**Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo de presentación será dun mes dende a entrada en vigor de esta orde, é dicir, ata o día 25 de Marzo de 2012.



**Máis Información:** *ORDE do 17 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a agrupacións de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2007- 2013, e se convocan para o ano 2012. DOG nº 39 do 24 de Febreiro de 2012, páxina 6803.*

## B. AXUDAS DO IGAPE Á INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS, PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

**Obxecto:** Axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, ata 70%. As seguintes liñas de axuda:

1. Liña participación en eventos expositivos que se realicen fóra de España.
2. Liña márketing, comunicación e marca.
3. Liña misións inversas.
4. Liña prospección internacional.
5. Liña primeira implantación promocional conxunta no exterior-Plan Primex.



**Beneficiarios:** Empresas, consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores de denominacións de orixe e clústers e Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica.

**Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo de presentación será dende o 29 de Febreiro de 2012 ata o 30 de Marzo de 2012 para a liña 2, o 30 de Abril de 2012 para as liñas 1 e 4 e o 31 de Maio para as liñas 3 e 5.



**Máis Información:** *RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2012 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2012, en*

*réxime de concorrencia non competitiva, publicada en el DOG nº 41 de 28 de febreiro de 2012.*



## II. XORNADA TÉCNICA: XESTION ENERXÉTICA COMO NICHU DE EMPREGO

Con motivo da celebración do Día Mundial da Eficiencia Enerxética, o Área de Emprego do Concello de Santiago de Compostela, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e a empresa de certificacións EQA organizan unha xornada sobre posibilidades de traballo no sector. Abordaranse oportunidades laborais, metodoloxía para a realización de auditorías, incentivos autonómicos, e requisitos para a implantación e certificación da Norma UNE-EN-ISO 50001 sobre sistemas de xestión da enerxía.



### PROGRAMA

15:30 – 16:00 Recepción

16:00 – 16:30 Presentación

Dna. PAULA PRADO. Conselleira De Familia, Benestar Social, Muller e Emprego.

Dna. MERCEDES CASAL. Decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

16:30 – 17:15 Impacto socioeconómico do sector de la Eficiencia Enerxética en España

Dna. ROSARIO MAÑAS. Asociada de Garrigues Medio Ambiente.

17:15– 18:00 Eficiencia Enerxética en Galicia: estado actual e instrumentos de promoción

Dna. PAULA URÍA. Xefa de Área de Aforro e Eficiencia Enerxética do INEGA

18:00 – 18:15 Descanso

18:15 – 19:00 Auditoría enerxética como ferramenta de xestión

D. JACOBO IGLESIAS. Director Técnico de Kurage Consulting, S.L.

19:00 – 19:45 Requisitos de Certificación. ISO 50001 explicacións da norma

D. EMILIO LUJÁN. Director Técnico de EQA

19:45 – 20:00 Roda de preguntas

Moderador: D. FERNANDO GARCÍA. Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

A asistencia es **gratuíta**, **previa inscrición** (as prazas son limitadas, ata o 2 de Marzo ou ata completar aforo).

- Data: 5 de marzo de 2012

- Horario: 16:00 a 20:00 h aprox. (recepción a partir de las 15:30 h).

- Lugar: Edificio Administrativo del Área de Emprego. C/ Raimundo López Pol, s/n - San Lázaro, Santiago de Compostela.

- Certificado de Asistencia emitido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

**Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo xeral finalizará o 2 de marzo de 2012.

**Mais info:** Persona de Contacto: Estefanía Fernández  
([estefania.ferrandez@eqa.es](mailto:estefania.ferrandez@eqa.es))

### III. CURSOS DE IDIOMAS NIVEL BÁSICO PARA O SECTOR COMERCIO

A Consellería de Economía e Industria convoca Cursos de idiomas de nivel básico para o sector de comercio para o ano 2012

**Destinatarios:** Os cursos están dirixidos a todo o persoal relacionado co sector comercio.

**Prazas:** 20 persoas por curso, cun mínimo de 10 persoas.



**Datas e lugar de celebración:** Os cursos iniciarán a partir do 12 de Marzo de 2012, nos lugares sinalados no anexo.

**Solicitudes:** Cumprimentando o **modelo normalizado** que se atopa a disposición dos interesados na dirección de mail indicada mais abaixo, e enviando copia do mesmo, no prazo de **10 días** hábiles dende a publicación destes cursos na paxina web de Dirección Xeral de Comercio, a calquera dos seguintes:  
mail: [cei.dxcomercio@xunta.es](mailto:cei.dxcomercio@xunta.es), **Fax:** 981 54 55 90, **Fax:** 981 54 55 41

**Mais info:** Servizo de Desenvolvemento Local e Fondos Comunitarios - Área de comercio -Edificio Administrativo - Avda. Montero Ríos, s/n - 2ª andar.  
Tlf.:+34 986 804 100 - Ext.:40815

CURSO	DURACIÓN (horas)	DIAS E HORAS	LUGAR	DATA INICIO
Alemán para o comercio	40	martes, mércores e xoves 13:30-15:00	EOI DA CORUÑA	13/03/2012
Alemán para o comercio	40	luns, mércores e xoves de 17.00 a 18.30	EOI DE PONTEVEDRA	A partir do 12 de marzo de 2012
Francés para o comercio	40	luns, mércores e xoves 13:30-15:00	EOI DA CORUÑA	12/03/2012
Francés para o comercio	40	mércores, xoves e venres de 17.30 a 19.00	EOI DE OURENSE	A partir do 12 de marzo de 2012
Francés para o comercio	40	luns e xoves de 10.00 a 12.00 h.	EOI DE SANTIAGO	A partir do 12 de marzo de 2012
Francés para o comercio	40	luns e xoves de 12.00 a 14.00 h.	EOI DE SANTIAGO	A partir do 12 de marzo de 2012
Inglés para o comercio	40	martes 16:00-17:30 xoves 20:30-22:00 venres 16:00-17:30	EOI DE LUGO	13/03/2012
Inglés para o comercio	40	luns e xoves de 12.00 a 14.00 h.	EOI DE SANTIAGO	A partir do 12 de marzo de 2012
Inglés para o comercio	40	martes e xoves de 11.00 a 13.15 h	EOI VIGO	13/03/2012
Portugués para o comercio	40	mércores e venres, de 18.30 a 20.30	EOI DE PONTEVEDRA	A partir do 12 de marzo de 2012

## V. EXECUTIVE PROGRAM EN THE HARVARD FACULTY CLUB (CAMBRIDGE, MASSACHUSETTS- USA)

Un dos principais obxetivos do 10º Encontro Empresarial Spain & USA que terá lugar en **The Harvard Faculty Club (Cambridge, MA) do 13 ao 16 de Maio de 2012** é proporcionar aos empresarios participantes un entorno exclusivo para a posta en marcha dos plans estratéxicos nos dous mercados: **España e USA**. Ao longo das súas distintas edicións este Executive Program convértese nun privilexiado foro de empresarios; un encontro anual de negocios para definir estratexias nos dous mercados, manter proveitosos contactos e analizar oportunidades empresariais nos dous países.

O **RCC at Harvard Executive Program-2012** contempla tamén a posibilidade de **organizar reunións bilaterais con representantes e empresarios Norteamericanos** tendo en conta preferentemente os sectores prioritarios do Programa: enerxías renovables, TIC, infraestruturas, coidado da saúde e industria agroalimentaria (comidas e bebidas).

O programa conta coa participación e asesoramento de ponentes como Alan D. Solomont, US Ambassador to Spain, Richard Vietor, Señor Associate Dean, Harvard Business School, Sunil Gupta, Head of the Marketing Department, Harvard Business School, Pedro Nueno, Profesor at IESE, Manuel Sánchez, Chief Executive Officer of Abengoa Group, Jorge Calvet Chairman of Gamesa.



Cobertura de prazas segundo orde de inscrición.

Para información sobre inscrición, custo do programa e apoio Igape pode enviar un e-mail a [RCCExecutive@igape.es](mailto:RCCExecutive@igape.es)

[Información adicional sobre o programa](#)

[Harvard eNewsletter](#)

[Máis información](#)

[www.igape.es](http://www.igape.es)

## IV. CAMPAMENTOS DE VERAN DA DEPUTACION

A Deputación de Pontevedra convoca prazas para campamentos de verán 2012. Cun custo por rapaz de 68 €.

**Destinatarios:** Rapaces nados entre 1999 e 2004 incluídos con domicilio habitual no concello no que solicita a praza.

**Adxudicación das Prazas:** por sorteo informático ante notario cun mínimo de 10 persoas.

**Datas e lugar de celebración:** Os campamentos terán lugar:

- 1ª Quenda: do 24 ó 30 de xuño
- 2ª Quenda: do 1 ó 7 de xullo
- 3ª Quenda: do 8 ó 14 de xullo
- 4ª Quenda: do 15 ó 21 de xullo
- 5ª Quenda: do 22 ó 28 de xullo
- 6ª Quenda: do 29 de xullo ó 4 de agosto
- 7ª Quenda: do 5 ó 11 de agosto
- 8ª Quenda: do 12 ó 18 de agosto
- 9ª Quenda: do 19 ó 25 de agosto
- 10ª Quenda: do 26 agosto ó 1 de setembro
- 11ª Quenda: do 2 ó 8 de setembro



**Solicitudes:** Dende o 1 ó 30 de Marzo nos concellos colaboradores, na oficina de información o cidadán, na sede da Deputación en Vigo e no Centro Príncipe Felipe.

**Mais info:** Centro Príncipe Felipe 986 804 100